

## ANUNCIO

**ASUNTO:** APERTURA PRAZO PRÓRROGA BOLSA DE EMPREGO DUN CONDUTOR OPERARIO E PEÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS

En data 08/01/2019 ditouse a Resolución de Alcaldía 5/2019 que de seguido se transcribe:

### ANTECEDENTES:

1. No BOP núm. 64 do 04/04/2017 saíron publicadas as Bases para a formación de dúas bolsas de traballo para realizar contratacións laborais temporais como condutor operario e peón de obras e servizos municipais para o Concello de Moeche.
2. Na base duodécima, donde explica o proceso de prórroga da bolsa de emprego, di que cada ano se abrirá un prazo que contará dende o 15 de xaneiro ao 14 de febreiro. Durante este prazo as persoas que xa figuran inscritas na bolsa poderán presentar novos méritos e aqueles interesados que non figuren poderán presentar a solicitude de inclusión na bolsa.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Abrir o prazo desde o 15/01/2019 ao 14/02/2019 para que as persoas que xa figuran inscritas na bolsa presenten novos méritos, así mesmo aqueles interesados que non figuren na mesma poderán presentar a solicitude de inclusión na bolsa de acordo co establecido na cláusula sexta das bases. En todo caso só se terán en conta os méritos alegados que o solicitante reúna o primeiro día da apertura do período de actualización.

Segundo.- A nova lista exporase no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal

En Moeche, martes 8 de xaneiro de 2019.

A alcaldesa,

Beatriz Bascoy Maceiras

